

ACTA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA POLO PLENO DESTE  
CONCELLO O VINTE DE DECEMBRO DE DECEMBRO DE 2017.**

**NÚM. 13/2017**

<p style="text-align: center;"><b><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></b></p> <p style="text-align: center;"><b><u>PRESIDENTE</u></b> D. Antonio Pensado Plágaro (alcalde accidental en substitución de D. Abrahan Gerpe Muñiz en situación de baixa, que non asiste)</p> <p style="text-align: center;"><b><u>CONCELLEIROS</u></b> D. Juan García Velo D<sup>a</sup> Clarisa Couto Castro D<sup>a</sup> María Ángeles Gema Eiroa Villar D. Luis Souto Gómez</p> <p style="text-align: center;"><b><u>NON ASISTEN (CON EXCUSA)</u></b> D<sup>a</sup> Laura Mariño Taibo D. Amancio Lavandeira Suárez D<sup>a</sup> Laura Tasende Cancela D. Manuel Andrés Díaz Abeledo D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Taibo Lavandeira Da. Verónica Facal Rodríguez D. Emilio Fondo Novo</p> <p style="text-align: center;"><b><u>INTERVENTORA</u></b> Marta Marín Gracia</p> <p style="text-align: center;"><b><u>SECRETARIA</u></b> D<sup>a</sup>. MARIA DEL CARMEN SEOANE BOUZAS</p>	<p>No salón de Plenos da Casa Consistorial de Coristanco, sendo as 10 horas e 9 minutos do día 20 de decembro de 2017, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, baixo a presidencia do 1º Tenente de Alcalde, D. Antonio Pensado Plágaro, e asistido pola secretaria da Corporación, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Seoane Bouzas, que da fe do acto, reúnen os Srs. Concelleiros relacionados, membros todos do Pleno, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión extraordinaria e urxente prevista para o día de hoxe, e de acordo co seguinte orde do día.</p>
---	---

O Sr. Pensado sinala que vaise proceder a votar a urxencia da sesión, que é debido a que se rematan os prazos concedidos pola Deputación para aprobar o POS e houbo moita cantidade de traballo a realizar os días pasados e toda a documentación.

Procédese á votación da urxencia da sesión, resultando aprobada por unanimidade dos membros presentes.

ACTA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

**1.- PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS + 2018".**

O expediente consta da seguinte documentación unicamente en formato papel, incorporada polo concelleiro Juan García Velo, no momento anterior ao inicio da sesión, previa advertencia da secretaria da Corporación:

- Proposta de alcaldía do 20.12.2017, que literalmente sinala
- Anexo II das bases da subvención sen asinar.
- Anexo III-b) das bases da subvención sen asinar.
- Anexo IV das bases da subvención sen asinar.
- Anexo V das bases da subvención por cada investimento incluído, asinado dixitalmente polo arquitecto Carlos Campos Sendón e o enxeñeiro técnico industrial Manuel Domingo Rodríguez Caamaño.
- Anexo XI das bases da subvención sen asinar.
- Proxectos: Mellora capa rodadura camiños rurais parroquias Cereo, Seavia, Agualada, Castro e Traba; Reposición de no lugar A Braña, Parroquia Erbecedo; Recollida de pluviais e afirmado capa rodadura na parroquia de Cereo; Mellora capa de rodadura camiños rurais nas parroquias de Agualada, San Paio e Xaviña; Mellora capa de rodadura de camiños rurais nas parroquias de Couso, Oca e Cereo, todos redactados polo arquitecto Carlos Campos Sendón e o enxeñeiro técnico industrial Manuel Domingo Rodríguez Caamaño.

Obran tamén no expediente de pleno a seguinte dilixencia de advertencias de secretaría:

**"CONVOCATORIA PLENO EXTRAORDINARIO E URXENTE 20.12.2017**

Dilixencia que se estende para facer constar que no día de hoxe a media mañá se me entrega unha providencia de alcaldía solicitando a convocatoria de pleno extraordinario e urxente para o día de mañá, acompañándose dun expediente en formato papel "aprobación plan económico-financieiro anos 2017 e 2018" carecendo o mesmo dos requisitos establecidos no ROF e cun escrito da interventora no que se sinala "...en relación coa convocatoria do Pleno Ordinario extraordinario e urxente do vindeiro 19 de decembro de 2017, no día de hoxe esta funcionaria entrega no rexistro Xeral do Concello a seguinte documentación:

1.- Expediente 2017/X999/000046, relativo a Aprobación dun Plan Económico Financeiro para os exercicios 2017 e 2018 como consecuencia dun incumprimento na Regra do Gasto derivado da Liquidación do ano 2018".

Á súa vez a través de Sigem consta o expediente referenciado co seguinte historial, o que se remitiu a esta secretaría o 18.12.2017:

**2017/G006/000008 - APROBACION PLAN ECONOMICO FINANCIERO 2017-2018**

Fase	Trámite	Documento	Acción	Fecha	Usuario	Descrición
			Iniciar Expediente	18/12/2017 14:14:56	marta.marin	
Fase Instrucción			Iniciar	18/12/2017 14:14:56	marta.marin	
	Contido da proposta		Iniciar	18/12/2017 15:24:23	marta.marin	
	Contido da	Informe-Proposta	Alta	18/12/2017 15:24:33	marta.marin	Informe Proposta

ACTA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

Fase	Trámite	Documento	Acción	Fecha	Usuario	Descripción
proposta	Contido da proposta	Documentación complementaria	Alta	18/12/2017 15:26:44	marta.marin	ANALISIS SITUACIÓN-PLAN CORIS. 2017-2018.doc
proposta	Contido da proposta	Contido de Intervención	Alta	18/12/2017 15:27:08	marta.marin	PEF ENVIO PLATAFORMA.pdf
proposta	Contido da proposta	Contido de Intervención	Alta	18/12/2017 15:27:39	marta.marin	Informe Intervención cump. PEF.doc
proposta	Contido da proposta	Contido de Intervención	Firma	18/12/2017 15:28:32	PORTAFIRMAS_NOTIFICACION_WS	Informe Intervención cump. PEF.doc
proposta	Contido da proposta		Delegar	18/12/2017 15:32:56	marta.marin	Delegado a 'carmen.seoane'
proposta	Contido da proposta	Documentación complementaria	Firma	18/12/2017 15:40:17	PORTAFIRMAS_NOTIFICACION_WS	ANALISIS SITUACIÓN-PLAN CORIS. 2017-2018.doc
proposta	Contido da proposta	Informe-Proposta	Firma	18/12/2017 15:40:39	PORTAFIRMAS_NOTIFICACION_WS	Informe Proposta

Na providencia de alcaldía, aparte deste expediente, tamén se incorpora na orde do día o asunto PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS + 2018", do que non se achega por ningún dos medios (papel ou electrónico) o expediente/s que vai someterse a coñecemento do pleno. É preciso indicar que non se sinala o motivo extraordinario e urxente que leva a este tipo de convocatoria do pleno, sen respectar as convocatorias ordinarias e os prazos legais para a notificación e exame da documentación por prate dos integrantes do órgano colexiado.

De maneira que se está a incumprir novamente, tanto polo departamento como polo órgano competente o sinalado de forma reiterada por esta funcionaria en relación ás funcións reservadas que lle atribúen as distintas normas impedíndome o exercicio das mesmas, coma por exemplo o artigo 177 do ROF:

" *Artículo 177*

1. *Conclusos los expedientes, se entregarán en la Secretaría de la Corporación que, después de examinarlos, los someterá al Presidente.*
2. *Para que puedan incluirse en el orden del día de una sesión, los expedientes habrán de estar en poder de la Secretaría tres días antes, por lo menos, del señalado para celebrarla.*
3. *Se dejará copia certificada en el expediente de la resolución adoptada".*

Polo que non existe tempo material para o exame dos expedientes e o exercicio das funcións que teño atribuídas, remitíndome ás advertencias realizadas nos informes xurídicos, sendo o mais recente e con ocasión da providencia de alcaldía do 20.11.2017 o realizado por esta funcionaria o 22.11.2017, sende necesario recordar que ditas prácticas poden conlevar responsabilidades das sinaladas nos seguintes artigos:

Artigo 404, da Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código Penal, sinala:

*"A la autoridad o funcionario público que, a sabiendas de su injusticia, dictare una resolución arbitraria en un asunto administrativo se le castigará con la pena de inhabilitación especial para empleo o cargo público por tiempo de siete a diez años".*

Artigo 78 Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local:

*"1. Los miembros de las Corporaciones locales están sujetos a responsabilidad civil y penal por los actos y omisiones realizados en el ejercicio de su cargo. Las responsabilidades se exigirán ante los Tribunales de Justicia competentes y se tramitarán por el procedimiento ordinario aplicable.*

ACTA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

2. Son responsables de los acuerdos de las Corporaciones locales los miembros de las mismas que los hubiesen votado favorablemente.
3. Las Corporaciones locales podrán exigir la responsabilidad de sus miembros cuando por dolo o culpa grave, hayan causado daños y perjuicios a la Corporación o a terceros, si éstos hubiesen sido indemnizados por aquella.
4. Los Presidentes de las Corporaciones locales podrán sancionar con multa a los miembros de las mismas, por falta no justificada de asistencia a las sesiones o incumplimiento reiterado de sus obligaciones, en los términos que determine la Ley de la Comunidad Autónoma, y supletoriamente, la del Estado”.

Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local:

“Artículo 60.

Las autoridades y funcionarios de cualquier orden que, por dolo o culpa o negligencia, adopten resoluciones o realicen actos con infracción de las disposiciones legales, estarán obligados a indemnizar a la Corporación Local los daños y perjuicios que sean consecuencia de aquellos, con independencia de la responsabilidad penal o disciplinaria que les pueda corresponder”.

Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais:

“Artículo 225.

1. Las entidades locales podrán instruir expediente, con audiencia del interesado, para declarar la responsabilidad civil de sus autoridades, miembros, funcionarios y dependientes que, por dolo o negligencia graves, hubieren causado daños y perjuicios a la Administración o a terceros, si éstos hubieran sido indemnizados por aquella.
2. El declarado responsable por la Administración podrá interponer el correspondiente recurso contencioso-administrativo”.

Artigo 36 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público:

“Artículo 36 Exigencia de la responsabilidad patrimonial de las autoridades y personal al servicio de las Administraciones Públicas

1. Para hacer efectiva la responsabilidad patrimonial a que se refiere esta Ley, los particulares exigirán directamente a la Administración Pública correspondiente las indemnizaciones por los daños y perjuicios causados por las autoridades y personal a su servicio.
2. La Administración correspondiente, cuando hubiere indemnizado a los lesionados, exigirá de oficio en vía administrativa de sus autoridades y demás personal a su servicio la responsabilidad en que hubieran incurrido por dolo, o culpa o negligencia graves, previa instrucción del correspondiente procedimiento.

Para la exigencia de dicha responsabilidad y, en su caso, para su cuantificación, se ponderarán, entre otros, los siguientes criterios: el resultado dañoso producido, el grado de culpabilidad, la responsabilidad profesional del personal al servicio de las Administraciones públicas y su relación con la producción del resultado dañoso.

3. Asimismo, la Administración instruirá igual procedimiento a las autoridades y demás personal a su servicio por los daños y perjuicios causados en sus bienes o derechos cuando hubiera concurrido dolo, o culpa o negligencia graves.
4. El procedimiento para la exigencia de la responsabilidad al que se refieren los apartados 2 y 3, se sustanciará conforme a lo dispuesto en la Ley de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas y se iniciará por acuerdo del órgano competente que se notificará a los interesados y que constará, al menos, de los siguientes trámites:
  - a) Alegaciones durante un plazo de quince días.
  - b) Práctica de las pruebas admitidas y cualesquiera otras que el órgano competente estime oportunas durante un plazo de quince días.
  - c) Audiencia durante un plazo de diez días.
  - d) Formulación de la propuesta de resolución en un plazo de cinco días a contar desde la finalización del trámite de audiencia.
  - e) Resolución por el órgano competente en el plazo de cinco días.
5. La resolución declaratoria de responsabilidad pondrá fin a la vía administrativa.
6. Lo dispuesto en los apartados anteriores, se entenderá sin perjuicio de pasar, si procede, el tanto de culpa a los Tribunales competentes.

Artigo 176 da Lei 47/2003, de 26 de novembro, xeral orzamentaria:

“Principio general.

Las autoridades y demás personal al servicio de las entidades contempladas en el artículo 2 de esta ley que por dolo o culpa graves adopten resoluciones o realicen actos con infracción de las disposiciones de esta ley, estarán obligados a indemnizar a la Hacienda Pública estatal o, en su caso, a la respectiva entidad los daños y perjuicios que sean consecuencia de aquellos, con independencia de la responsabilidad penal o disciplinaria que les pueda corresponder”.

Con esta data e por medio da presente solícitase os expedientes integrantes do POS ao alcalde accidental”.

Consta un escrito da secretaria do 20.12.2017, que literalmente sinala:

“ AO SR. ALCALDE ACCIDENTAL DO CONCELLO DE CORISTANCO

ACTA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

No día de onte procedeuse á convocatoria dun pleno extraordinario e urxente segundo a providencia de alcaldía que me entregou nesa mesma mañá, previas as advertencias legais oportunas, que se anexan.

Unha vez máis procédese de forma irregular coa convocatoria do pleno non cumprindo coa lexislación, prazos e posta a disposición dos expedientes para o exercicio das miñas funcións.

Aínda non teño a documentación integrante dos punto relacionado co POS, coa agravante de que entregoulle aos concelleiros coa convocatoria (que se rexistrou onte arredor das 15:00 horas) documentación que vostede considerou sobre ese punto.

Mediante a presente reitérase unha vez mais o cumprimento da lexislación vixente por vostede e o departamento que lle preparou o expediente, así como que ditas actitudes, aparte das responsabilidades sinaladas na dilixencia, causan imposibilidade do exercicio da fe pública.

Documento asinado dixitalmente pola secretaria, M<sup>a</sup> del Carmen Seoane Bouzas, o 20 de decembro de 2017".

O Sr. Pensado le o título dos proxectos que se inclúen no POS+ 2018 e a proposta.

A continuación procédese á votación do asunto, resultando aprobado por unanimidade dos membros presentes o seguinte acordo:

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2018"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2018","achega provincial 2017" e "préstamo provincial 2018":

**A) Financiamento do pago a provedores:**

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores	349.276,95€		349.276,95€
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores	6.798,29€		6.798,29€
<b>Subtotal pago a provedores</b>	<b>356.075,24€</b>		<b>356.075,24€</b>

**B) Financiamento de gastos correntes:**

	Deputación
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de gastos correntes 2018	335.794,57 €

ACTA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

<b>Subtotal gasto corrente</b>	335.794,57 €
--------------------------------	--------------

**C ) Financiamento de investimentos:**

ACHEGA PROVINCIAL 2018	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
<b>Denominación da obra ou subministración</b>			
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2018</b>			

ACHEGA PROVINCIAL 2017 (Investimentos “financeiramente sostibles”)		Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Grupo de programa	Deputación	Concello	Orzamento total
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2017</b>				

ACTA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2018	Financiamento do investimento		
	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Mellora capa rodadura camiños rurais parroquias Cereo, Seavia, Agualada, Castro e Traba	190.767,30€	0,00€	190.767,30€
Reposición de no lugar A Braña, Parroquia Erbecedo	74.566,55 €	0,00€	74.566,55 €
Recollida de pluviais e afirmado capa rodadura na parroquia de Cereo	44.402,31 €	0,00€	44.402,31 €
<b>Subtotal investimentos préstamo provincial 2018</b>	<b>309.736,16 €</b>	<b>0,00€</b>	<b>309.736,16 €</b>

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2018 e que se relacionan nestas táboas.

**D) Financiamento dos honorarios de redacción de proxectos ou pregos:**

Denominación do proxecto ou prego cuxos honorarios de redacción se solicitan (achega provincial 2018)	Deputación
<b>Subtotal redacción proxectos</b>	

**E) Financiamento de achegas municipais a outros Plans, Programas ou Convenios:**

Denominación do investimento doutro Plan, Programa ou Convenio para cuxa achega municipal se solicita aplicar achega provincial 2018	Deputación

exp. 2017/G010/000005

ACTA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

<b>Subtotal achega municipal 2018</b>	
---------------------------------------	--

Denominación do investimento “financieiramente sostible” doutro Plan, Programa ou Convenio para cuxa achega municipal se solicita aplicar achega provincial 2017		Deputación
Denominación	Grupo de programa	
<b>Subtotal achega municipal 2017</b>		

**F) Redución de débeda con entidades financeiras:**

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de “préstamo provincial 2018” aplicado á redución da débeda
<b>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</b>		



ACTA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

**G ) Resumo:**

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
<b>A- PAGO A PROVEDORES</b>	Achega 2017	349.276,95€		349.276,95€
	Achega 2018	6.798,29€		6.798,29€
<b>B- GASTOS CORRENTES</b>	Achega 2018	335.794,57 €		335.794,57 €
<b>C- INVESTIMENTOS</b>	Achega 2018			
	Achega 2017			
	Préstamo 2018	309.736,16 €		309.736,16 €
<b>D- HONORARIOS REDACCIÓN</b>	Achega 2018			
<b>E- ACHEGAS MUNICIPAIS</b>	Achega 2018			
	Achega 2017			
<b>F- REDUCCIÓN DÉBEDA</b>	Préstamo 2018			
	Achega 2018			

ACTA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

<b>TOTAL</b>				
	<b>Achega 2017</b>			
	<b>Préstamo 2018</b>			
	<b>TOTAL</b>	<b>1.001.605,97€</b>		<b>1.001.605,97€</b>

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2018 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

<b>Denominación dos investimentos “financeiramente sostibles” (mínimo do 20% do total das achegas e préstamo provincial asignado)</b>	<b>Grupo de programa</b>	<b>Orzamento</b>
Mellora capa de rodadura camiños rurais nas parroquias de Aqualada, San Paio e Xaviña	C	99.098,07
Mellora capa de rodadura de camiños rurais nas parroquias de Couso, Oca e Cereo	C	101.241,92

ACTA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

TOTAIS		200.339,99€
--------	--	-------------

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2018 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2018, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

## **2.- PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO DO CONCELLO DE CORISTANCO PARA OS EXERCIZOS 2017 E 2018.**

No expediente en formato papel (e tamén dixitalmente) consta a seguinte documentación:

- Informe de intervención do 18.12.2017.
- Plan económico-financieiro asinado por Antonio Pensado Plágaro coma 1º Tenente alcalde o 18.12.2017.
- Documento denominado "Plan Económico-Financiero 2017/2018 Coristanco" sen asinar e co logo do Ministerio de Facenda e Función Pública.
- Proposta de alcaldía do 18.12.2017, que literalmente sinala:

### **"PROPOSTA DE ACORDO APROBACION PLAN ECONOMICO FINANCIERO 2017-2018**

ACTA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

*Vista a necesidade de elaboración dun Plan Económico-financeiro posta de manifesto a esta corporación pola Intervención Municipal no seu informe de 16 de outubro de 2017 con motivo da aprobación da Liquidación do Orzamento do exercicio 2016, e vista a comunicación achegada a este Concello pola Dirección Xeral de Política Financeira da Xunta de Galicia (RE:4588 de 19 de outubro), como consecuencia do incumprimento da regra de gasto na liquidación do exercicio 2016.*

*Considerando que a proposta do Plan elaborado é conforme ao disposto no artigo 21 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, e ao artigo 9.2 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven ás obrigacións de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, sendo o Pleno o órgano competente para a súa aprobación, e polo que*  
**PROPONSE AO PLENO DA CORPORACIÓN**

**PRIMEIRO.** Aprobar o Plan económico-financeiro do Concello de Coristanco para os exercicios 2017 e 2018 nos termos que constan no documento anexo e que se considera parte integrante do presente acordo.

**SEGUNDO.** Remitir ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para a súa aprobación e/ou publicación na súa web, segundo corresponda, no prazo de cinco días naturais desde a aprobación do Plan.

**TERCEIRO.** Unha copia do Plan estará a disposición do público desde a súa aprobación ata a finalización da súa vixencia.

*Documento asinado electrónicamente pola persoa e na data que figura na marxe do documento".*

O Sr. Pensado cédelle a palabra á interventora para que de forma resumida faga un pequeno comentario sobre o plan.

A Sra. Marín expresa que se leva o plan como consecuencia dun incumprimento na regra de gasto na liquidación do exercicio 2016. Di que a regra de gasto está vinculada polo teito de gasto que fixa cada ano o Estado a través de acordo do Consello de Ministros e se establece unha taxa de referencia sobre a que se establece un límite de gasto no que se deben marcar os orzamentos das entidades locais. Continúa manifestando que se verifica que se cumpre a regra de gasto e na liquidación do 2016, que é a que se rematou fai uns meses, xurde o incumprimento da regra do gasto, co cal a Lei Orgánica 2/2012 no art. 21 di que hai que elaborar un plan económico financeiro para corrixir esa desviación. Expresa que o motivo, despois de analizar a documentación, a liquidación e demais cousas que obran no seu departamento, é fundamentalmente por unha débeda pendente con provedores que deriva dos anos 2014, 2015 e 2016, e é un axuste ao cálculo da regra de gasto os acreedores pendentes de aplicar ao orzamento e en consecuencia rompe a regra de gasto e calquera límite de gasto, porque están cargando o orzamento dun ano co gasto dos anos anteriores e en principio é o incumprimento detectado e ela propón ao grupo de goberno para dar traslado ao pleno corrixilo seguindo co pago das facturas para ir reconducindo o gasto corrente para cada exercicio. Di que a previsión, despois de feito a análise que aparece no expediente é que se reconduza e non haxa mais incumprimentos, supeditado ás desviacións dos orzamentos. Conclúe sinalando que o plan o presenta o alcalde-grupo de goberno e é preciso que o aprobe o pleno, por iso se leva e se pretende corrixir un 30% no 2017 e a diferenza no 2018.

A continuación procédese á votación do asunto, resultando aprobado por unanimidade dos membros presentes o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.** Aprobar o Plan económico-financeiro do Concello de Coristanco para os exercicios 2017 e 2018 nos termos que constan no documento anexo e que se considera parte integrante do presente acordo.

ACTA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

**SEGUNDO.** Remitir ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para a súa aprobación e/ou publicación na súa web, segundo corresponda, no prazo de cinco días naturais desde a aprobación do Plan.

**TERCEIRO.** Unha copia do Plan estará a disposición do público desde a súa aprobación ata a finalización da súa vixencia.

E non sendo máis os asuntos a tratar, levántase a sesión cando son as 10 horas e 18 minutos do día 20 de decembro de 2017, do que como Secretaria dou fe e certifico, asinando este documento dixitalmente, e dando o visto bo o Alcalde accidental.

A secretaria, M<sup>a</sup> del Carmen Seoane Bouzas

O alcalde accidental, Antonio Pensado Plágaro